Entidade de contratación:	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.				
Denominación do expediente:	Operacións de Conservación e Mantemento das Autoestradas AG-53 e AG-54 (2021-2025)				
Ref. Expediente:	ATAU210101	Contrato harmonizado:	Si		
Tipo contrato:	Servizos	Tipo tramitación:	Ordinaria	Lotes:	Non
Procedemento:	Aberto	Forma adxudicación:	Pluralidade de criterios		
CPV:	50230000-6	Servizos de reparación, mantemento e servizos asociados relacionados con estradas e outros equipos			
Importe licitación IVE:	7.669.470,33 €	Prazo execución:	48 meses Posibilidade de ampliación ata 12 meses adicionais		

ACTA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

ORDE DO DÍA

1. Constitución da Mesa de Contratación.
2. Exame do informe técnico relativo á xustificación das ofertas incursas en temeridade.
3. Valoración das ofertas admitidas ao procedemento.
4. Acordos da mesa.

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

Data:	16-07-2021	Hora:	13:15 horas
Lugar:	Avelino Pousa Antelo nº-1, 2ª, Santiago de Compostela 15707, A Coruña		

No lugar, día e hora enriba indicados, constitúese a Mesa de Contratación para proceder á proposta de adxudicación do expediente que se referencia.

MEMBROS DA MESA ASISTENTES	
CARGO	**NOME E APELIDOS**
Presidenta	Angela Bouzada Valverde
Secretario	Juan Carlos Vence Lamas
Asesoría Xurídica	Javier Álvarez López
Vogal	Manuel Bermudez Sambade
Vogal	Maria Esther Souto Lareo

2. EXAME DO INFORME TÉCNICO RELATIVO Á XUSTIFICACIÓN DAS OFERTAS INCURSAS TEMERIDADE.

Visto o Informe técnico relativo á xustificación das ofertas incursas en temeridade, os licitantes UTE ACCIONA MANTENIMIENTO - VIPECA , S.A. de Obras y Servicios, COPASA e UTE ELSAMEX GESTIÓN-MARCONSA-NAROM presentan dentro do prazo concedido de 5 días hábiles a xustificación pero considérase, de conformidade co informe técnico, que "as empresas no cumpren coa carga que lle corresponde de xustificar que o prezo ofertado sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, pois iso, obviamente, require a presentación da documentación suficiente para analizar a súa oferta e apreciar as súas condicións, custes, aforros, solucións técnicas para a execución material da prestación que motive suficientemente a mesma para acordar a súa aceptación. **Esta situación determina que non se entenda correctamente estimada e polo tanto inadecuada para o efectivo cumprimento do contrato nos termos do artigo102 e 149 da LCSP."**

3. VALORACIÓN DAS OFERTAS ADMITIDAS AO PROCEDEMENTO.

Feita a calificación das proposicións económicas e estudiadas e valoradas as ofertas técnicas, as empresas admitidas a esta fase do concurso, unha vez sumadas as calificacións dos criterios de valoración automática e as dos criterios de valoración suxeitos a xuizo de valor, obtiveron a seguinte puntuación:

LICITADOR	Puntuación económica	Puntuación técnica	Puntuacion total ponderada
UTE CIVIS GLOBAL-COVSA (ATAU210101)	100,00	72,50	**86,25**
UTE ARIAS Y PETROLAM (ATAU210101)	98,15	71,25	**84,70**
UTE SACYR CONSERVACIÓN Y CRC OBRAS Y SERVICIOS (ATAU210101)	98,36	69,25	**83,80**
UTE OVISA-PROBISA AG53-AG54 (ATAU210101)	99,47	68,00	**83,73**
LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L.	97,19	68,75	**82,97**
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L.	99,02	66,00	**82,51**
AUDECA, S.L.U.	99,40	65,25	**82,32**
UTE EXTRACO - MISTURAS (ATAU210101)	98,82	65,25	**82,03**
ALVAC	94,85	68,50	**81,68**
UTE RAFER-HORMACESA SPI (ATAU210101)	97,04	66,25	**81,65**
GRUPO BASCUAS 2008 S.L.	97,74	65,00	**81,37**

4. ACORDOS DA MESA.

1) Propoñer ao órgano de contratación a exclusión das ofertas presentadas polas empresas UTE ACCIONA MANTENIMIENTO - VIPECA , S.A. de Obras y Servicios, COPASA e UTE ELSAMEX GESTIÓN-MARCONSA-NAROM ao considerar, dacordo co informe de técnico, que o prezo ofertado polos licitadores non é o axeitado para o efectivo cumprimento do contrato.

2) A Mesa de Contratación acorda elevar ao órgano de contratación a proposta de adxudicación do Contrato Harmonizado a **UTE CIVIS GLOBAL-COVSA** por un importe **de Catro millóns novecentos cincoenta mil douscentos noventa e catro euros e corenta e nove céntimos (4.950.294,49 €) IVE non incluído**, cunha baixa do **21,90%**, por ser a que mellor puntuación obtivo no baremo

Documentos anexos á presente acta: 1) Cadro coas puntuacións totais obtidas por todas as ofertas admitidas. 2) Informe técnico relativo ás xustificacións das empresas incursas en valores anormais ou desproporcionados.

Logo de tratados todos os puntos da orde do día, dáse por terminado o acto pola Presidenta, e para que quede constancia esténdese a presente Acta que é lida por todos os membros asistentes da Mesa de Contratación. Unha vez manifestada a conformidade co contido da acta polos anteditos membros da Mesa, asínase pola Presidenta e o Secretario.

Presidenta da Mesa	Secretario da Mesa
BOUZADA VALVERDE ANGELA - 52776210L Firmado digitalmente por BOUZADA VALVERDE ANGELA - 52776210L Fecha: 2021.07.16 13:25:18 +02'00'	JUAN CARLOS VENCE LAMAS - 76809493G Firmado digitalmente por JUAN CARLOS VENCE LAMAS - 76809493G Fecha: 2021.07.16 13:29:26 +02'00'
Angela Bouzada Valverde	Juan Carlos Vence Lamas

ANEXO II: PUNTUACIONS OBTIDAS POLAS EMPRESAS

Operacións de Conservación e Mantemento das Autoestradas AG-53 e AG-54 (2021-2025)

CLAVE **ATAU210101**

RELACIÓN EMPRESAS		OFERTA ECONÓMICA	BAIXAS	PUNT ECONOMIC	PUNT TÉCNICA	PUNT TOTAL PONDERADA
UTE CIVIS GLOBAL-COVSA		4.950.294,49	21,90000%	**100,00**	**72,50**	**86,25**
UTE ARIAS Y PETROLAM		5.121.431,43	19,20000%	**98,15**	**71,25**	**84,70**
UTE SACYR CONSERVACIÓN Y CRC OBRAS Y SERVICIOS		5.102.416,21	19,50000%	**98,36**	**69,25**	**83,80**
UTE OVISA-PROBISA AG53-AG54		4.999.734,00	21,12000%	**99,47**	**68,00**	**83,73**
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L.		5.210.169,00	17,80000%	**97,19**	**68,75**	**82,97**
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L.		5.041.300,83	20,46421%	**99,02**	**66,00**	**82,51**
AUDECA, S.L.U.		5.006.072,45	21,02000%	**99,40**	**65,25**	**82,32**
UTE EXTRACO -MISTURAS		5.059.948,00	20,17001%	**98,82**	**65,25**	**82,03**
ALVAC S.A.		5.334.401,84	15,84000%	**94,85**	**68,50**	**81,68**
UTE RAFER-HORMACESA SPI		5.224.113,59	17,58000%	**97,04**	**66,25**	**81,65**
GRUPO BASCUAS 2008 S.L.		5.159.461,86	18,60000%	**97,74**	**65,00**	**81,37**
S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA		4.896.418,00	22,75000%	**0,00**	**75,00**	**TEMERIDADE**
UTE ACCIONA MANTENIMIENTO -VIPECA		4.810.215,73	24,11000%	**0,00**	**68,75**	**TEMERIDADE**
UTE ELSAMEX GESTIÓN-MARCONSA-NAROM		4.886.910,43	22,90000%	**0,00**	**66,75**	**TEMERIDADE**

ACTUACIÓN: Operacións de Conservación e Mantemento das Autoestradas AG-53 e AG-54 (2021-2025).

Clave: ATAU210101

ASUNTO: Xustificación da oferta presentada por S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, UTE ACCIONA MANTENIMIENTO -VIPECA y UTE ELSAMEX GESTIÓN-MARCONSA-NAROM.

De acordo co artigo 102.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) “os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ó prezo xeral de mercado, no momento de fixar o presuposto de licitación e a aplicación, no seu caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados”.

O artigo 149 da LCSP “Ofertas anormalmente baixas” indica que “cando se utilicen unha pluralidade de criterios de adxudicación, estarase ao establecido nos pregos que rexen o contrato, nos cales ha de establecerse os parámetros obxectivos que deberán permitir identificar os casos en que unha oferta se considere anormal, referidos á oferta considerada no seu conxunto.

Polo tanto, derívase da lexislación que debe coidarse de que o prezo do contrato sexa adecuado para o seu efectivo cumprimento, aplicando as normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados. O prego de cláusulas administrativas particulares recolle os parámetros obxectivos en función dos cales se pode apreciar que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormalmente baixos.

Incluíndo a proposición que nos ocupa valores que de acordo co prego está incursa en presunción de anormalidade, deuse audiencia ao licitador para que "desglosen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custes, ou calquera outro parámetro en base ao cal se definira a anormalidade da oferta", mediante la presentación de aquella información y documentos que resulten pertinentes a estes efectos" segundo o estipulado no LCSP e en particular, a xustificación non poderá ser incompleta ou fundamentarse en hipóteses ou prácticas inadecuadas dende o punto de vista técnico, xurídico ou económico, e centrarase nos seguintes valores:

- ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados u o método de construción
- as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras
- a innovación e orixinalidade das solucións propostas, para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- o respecto das obrigas que resulten aplicables en materia medioambiental, social oo laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 da LCSP
- ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

A documentación presentada pola empresa S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA basease nos seguintes argumentos:

-Os custos e prezos da oferta, así como os de subcontratación seguen sendo válidos.

-Experiencia extensa neste tipo de contratos.

-Ten os seus propios medios para a execución do contrato.

Sobre as consideracións realizadas polo licitador, podemos dicir que só estamos en disposición de analizar as consideracións que se encontran valoradas, o resto son cribles pero ao non estar cuantificadas, non se pode emitir un xuízo sobre elas e, polo tanto, darlle valor.

No relativo á xustificación presentada, a empresa non aporta a documentación necesaria que xustifique a man de obra e os prezos ofertados. Considerase, neste senso, que a xustificación é notoriamente insuficiente e non cumpre cos requisitos expresados na lexislación dado que nin xustifica a valoración da oferta nin precisa as súas condicións, ó limitarse o licitador a expresar razoamentos xerais que non parten dunha análise económica da súa oferta cun desglose axeitado e xustificado.

A documentación presentada pola empresa UTE ACCIONA MANTENIMIENTO -VIPECA basease nos seguintes argumentos:

-Considerar a execución do contrato factible.

-Ofrece garantías complementarias para garantir o cumprimento do contrato.

Sobre as consideracións realizadas polo licitador, podemos dicir que só estamos en disposición de analizar as consideracións que se encontran valoradas, o resto son cribles pero ao non estar cuantificadas, non se pode emitir un xuízo sobre elas e, polo tanto, darlle valor.
No relativo á xustificación presentada, a empresa non aporta a documentación necesaria que xustifique a man de obra e os prezos ofertados. Considerase, neste senso, que a xustificación é notoriamente insuficiente e non cumpre cos requisitos expresados na lexislación dado que nin xustifica a valoración da oferta nin precisa as súas condicións, ó limitarse o licitador a expresar razoamentos xerais que non parten dunha análise económica da súa oferta cun desglose axeitado e xustificado.

A documentación presentada pola empresa UTE ELSAMEX GESTIÓN-MARCONSA-NAROM basease nos seguintes argumentos:

-Experiencia na realización do servizo.

-Infraestruturas na zona.

-Coñecemento amplo da rede de provedores con prezos competitivos e axustados.

Sobre as consideracións realizadas polo licitador, podemos dicir que só estamos en disposición de analizar as consideracións que se encontran valoradas, o resto son cribles pero ao non estar cuantificadas, non se pode emitir un xuízo sobre elas e, polo tanto, darlle valor.

No relativo á xustificación presentada, a empresa non aporta a documentación necesaria que xustifique a man de obra e os prezos ofertados. Considerase, neste senso, que a xustificación é notoriamente insuficiente e non cumpre cos requisitos expresados na lexislación dado que nin xustifica a valoración da oferta nin precisa as súas condicións, ó limitarse o licitador a expresar razoamentos xerais que non parten dunha análise económica da súa oferta cun desglose axeitado e xustificado.

A tenor de todo o exposto, enténdese que, as empresas no cumpren coa carga que lle corresponde de xustificar que o prezo ofertado sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, pois iso, obviamente, require a presentación da documentación suficiente para analizar a súa oferta e apreciar as súas condicións, custes, aforros, solucións técnicas para a execución material da prestación que motive suficientemente a mesma para acordar a súa aceptación. **Esta situación determina que non se entenda correctamente estimada e polo tanto inadecuada para o efectivo cumprimento do contrato nos termos do artigo 102 e 149 da LCSP.**

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Juan Carlos Carballeira Rifón

Enxeñeiro de camiños, canais e portos